

# BADARE: unha ferramenta de traballo na paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romania

M<sup>a</sup> Pilar Río Corbacho

Universidade de Santiago de Compostela

BADARE é unha base de datos na que se recollen refráns meteorolóxicos e do calendario na Romania pertencentes a 34 linguas. Cada forma que aparece nela, ademais de presentar a súa ficha, analízase dende catro puntos de vista: cronoloxía, meteoroloxía, ámbito temático xeral e fonte(s) da(s) que foi tomada.

Partindo do amplo caudal paremiolóxico de BADARE (8646 entradas) propoñémonos estudar o fenómeno do *arco da vella* no refraneiro da Romania coa finalidade de amosar algunha das utilidades desta base de datos.

Palabras clave: BADARE, Romania, paremioloxía meteorolóxica, paremioloxía do calendario, arco da vella.

*BADARE is a database that compiles meteorological and calendar proverbs of Romania area in 34 languages. There, apart from presenting its own entry, is analyzed from four points of view: chronology, meteorology, general subject matter and source from which it was taken.*

*Taking as a basis the wide paremiological flow of BADARE (8646 entries), we will try to study the phenomenon of the rainbow in the proverbs of the Romania area. Our goal is some of the utilities of this database.*

*Keywords: BADARE, Romania area, Meteorological paremiology, Paremiology of the calendar, Rainbow.*

## 1. Introducción

BADARE (BAse de DATos sobre REfráns do calendario e meteorolóxicos na Romania) xorde no 2005 como consecuencia do proxecto HUM2005-01330/FILO financiado

---

Data de recepción 03/03/2009 Data de aceptación 22/04/2009

polo Ministerio de Ciencia e Innovación, sendo ampliado a tres anos máis no 2008 (FFI2008-02998/FILO).

O investigador principal é José Enrique Gargallo Gil, da Universitat de Barcelona, co que traballan 11 investigadores de cinco universidades españolas (María Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana Tous, Vicente Franco Anchelegues e Antonio Torres Torres, da Universitat de Barcelona; Mari Carmen Barrado Belmar, da Universidad Complutense de Madrid; Dan Munteanu Colán, da Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, Aitor Carrera Baiget, da Universitat de Lleida; e María Pilar Río Corbacho, da Universidade de Santiago de Compostela) e europeas (a portuguesa Lucília Chacoto, da Universidade do Algarve e os italianos Temistocle Franceschi, do Centro Interuniversitario di Geoparemiologia, Università di Firenze e Gabriele Iannàccaro, da Università degli Studi Milano-Bicocca).

A lingua vehicular desta base de datos é o castelán e os nomes que aparecen no apartado de “categorías” e “subcategorías” móstranse ademais traducidos ao inglés.

BADARE pode ser consultado en internet na páxina <http://stel.uib.edu/badare>, aínda que polo de agora estanse a introducir novas fichas.

## 2. BADARE

Cando a sociedade era eminentemente rural, fíxose imprescindible coñecer non só a meteoroloxía do lugar, senón como esta actuaba sobre os seres vivos ou sobre as faenas agrícolas ou marítimas. A experiencia da vida outórgalle unha serie de coñecementos ao home do campo ou do mar que é necesario transmitir aos seus descendentes para poñelos en alerta contra determinadas situacións atmosféricas.

BADARE ten como finalidade recoller este tipo de formas na Romanía para presentarllelas tanto aos estudosos como aos interesados na paremioloxía meteorolóxica a través da seguinte ficha (<http://stel.uib.edu/badare/refranescons.php>):

UNIVERSITAT DE BARCELONA

BADARE: base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romanía

Inicio LIB

Sobre BADARE  
Fichas de refranes : Consulta | Consulta múltiple  
Administración

FICHAS DE REFRADES : Consulta

Realice una consulta de fichas de refranes indicando los criterios de búsqueda que desee.  
En la lista de resultados seleccione una fila para ver el detalle de la ficha del refrán.

Ficha del refrán

Texto:

Lengua o variedade:

Glosa:

Comentario:

Traducción literal:

Categorías y subcategorías

Descripción en:  español  english

Cronología: (cat.)  (subcat.)

Meteorología: (cat.)  (subcat.)

Ámbito Temático General: (cat.)  (subcat.)

Fuente

Autor:

Título:

Buscar

BADARE considera como refrán meteorolóxico aquelas paremias nas que o seu enunciado contén referencias atmosféricas explícitas ou implícitas.

Enténdese por referencia explícita cando no texto da paremia aparece algún meteoro, non só os absolutamente concretos (chuvia, néboa, calor etc.), senón tamén os máis xerais (tempo estable, bo tempo, cambio de tempo etc.). No exemplo seguinte, o “sombreiro” ou o “capote” na cima dun monte prognostica mal tempo ou auga; polo tanto, na base de datos de BADARE ese refrán aparece con catro asignacións no apartado de meteoroloxía: “montañas con *capa*, *touca* ou similares”, “predición”, “chuvia” e “mal tempo”:

*Cando a montaña pon o sombreiro,*

*Prepárate pró inverno,*

*E si pon capote,*

*Chove decote.*

A referencia implícita dáse cando no enunciado do refrán non aparece expresado ningún meteoro, senón que se intúe por outras referencias: recomendacións para facer determinadas tarefas no campo, consellos de abrigo ou desabrigo etc. No exemplo que imos amosar fálasenos da chegada do cuco, ave que emigra en busca de lugares cálidos cando na nosa terra se aveciña mal tempo, o que implica que o bo tempo se está asentando na nosa terra:

*Ao cuco san Xoán (San Xoán Climaco, 30 marzo) dálle a fala*

*E san Pedro (29 xuño) sácalla.*

Os paremiólogos que nos agrupamos a carón de BADARE centramos a nosa pescuda paremiolóxica en formas meteorolóxicas da Romanía, non só das linguas oficiais (galego, castelán, catalán, francés, italiano, portugués e romanés), senón tamén das distintas variedades lingüísticas (asturiano, aragonés, occitano, friulano etc.):

*Sunt semne că va ploua*

*Când cântă cocoșii ziua.*

(Romanés = ‘Son sinais de que vai chover cando cantan os galos durante o día’).

*Se 'l dulfîn in mar fa festa,*

*Sta per sciopar la tempesta.*

(Istriano = ‘Se o golfinho no mar fai festa, vai a estalar a tempestade’).

Conforma esta base de datos un total de 34 linguas e variedades, a pesar de que, polo momento, non existen refráns en todas elas: BADARE está aínda enchéndose de

paremias. Non obstante, nestes intres contamos con 8646 entradas<sup>1</sup> e cada unha delas contén un refrán que presenta:

- unha ficha da paremia, clasificada segundo a súa procedencia lingüística;
- a súa tradución ao castelán, no caso de lingua oficial;
- unha glosa da fonte da que foi recollida, no caso de que se atope no documento orixinal
- e tamén, nalgúns casos, un ou varios comentarios do administrador, se considera que é necesario calquera tipo de explicación. Moitos refráns galegos, por exemplo, levan ese tipo de indicación, porque non todas as formas recollidas están normativizadas ortograficamente, polo que pensamos que o mellor era transcribir o refrán tal como aparece na fonte e especificar neses comentarios, chamados “adicionais”, a súa correcta escritura:

<p><b>Texto: Do un ó doce chuvia copiosa pra todos resulta peligrosa</b></p> <p>Lengua: gallego</p> <p>Traducción literal: Del uno al doce lluvia copiosa para todos resulta peligrosa</p> <p>Glosa de la fuente: Lo trae en el mes de setiembre.</p> <p>Comentarios adicionales: En gallego normativo, <i>para</i> y <i>perigosa</i>. Propone una variante para esta paremia, aparecida en <i>O Gaitero de Lugo</i>, 1960: <i>Do un ó doce pra ningún a chuvia é doce</i>. De acuerdo con la glosa, asignamos "1 de septiembre" y "12 de septiembre".</p>
--

Cada refrán clasifícase atendendo a catro grandes grupos de asignación: “cronoloxía”, “meteoroloxía”, “ámbito temático xeral” e “fontes”; só o segundo e o cuarto son obrigatorios, é dicir, tódolos refráns levan, cando menos, unha adscripción do grupo de meteoroloxía e unha da fonte na que foi recollido; os outros dous grupos adxudícanse se o refrán contén algún elemento que indique un espazo de tempo (“cronoloxía”) ou outras indicacións pertencentes á categoría de “ámbito temático xeral”.

Cando no refrán aparece algún espazo de tempo, este inclúese no apartado de “cronoloxía”, que contén 17 categorías:

<sup>1</sup> Como xa dixemos, BADARE aínda está a encherse de paremias, polo que tódolos datos que achegamos neste traballo son anteriores ao 16 de febreiro de 2009.

Categorías y subcategorías

Descripción en:  español  english

Cronología: (cat.)

---

---

---

año

cuarenta días

día

días de la semana

días del mes

doce días para doce meses

estación

fecha fija

fecha movable

hora

hoy

mañana

mes

otros

partes de la jornada

período movable


semana

Á súa vez, estas categorías poden subdividirse noutras subcategorías; así, a de “estación” contén os nomes das catro estacións, ademais de “inverno (inverno tardío)”, “veraniños”, “têmporas” e “estación (en xeral)”. Por exemplo, a paremia portuguesa *Para boas colheitas, pede bom tempo a Deus, pelas têmporas de S. Mateus* é clasificada do seguinte modo:

### Cronología :

Subcategoría	Categoría
Mateo (San ---)	fecha fija
<i>Saint Matthew</i>	<i>fixed date</i>
têmporas	estación
<i>period of fasting at the beginning of each season</i>	<i>season</i>

O grupo da “meteoroloxía”, o máis numeroso, divídese en 31 categorías que fan referencia ás condicións atmosféricas:



Estas categorías tamén abranguen, pola súa parte, outras divisións; en concreto, “nomes de ventos” contén 56 subcategorías (“aire de arriba”, “mistral e afíns”, “siroco” etc.). Á paremia catalana *Nuvolets pel Tossal senyalen el maestral*, ‘Pequenas nubes polo Tossal sinalan o mistral’, asígnaselle a seguinte clasificación en meteoroloxía:

### Meteorología:

Subcategoría	Categoría
<i>mistral</i> y afines [viento del noroeste] [northwesterly]	nombres de vientos [en cursiva + somera descripción] <i>names of winds</i>
nubes <i>clouds</i>	nubes <i>clouds</i>
predicción <i>forecast</i>	predicción <i>forecast</i>

En canto ao grupo de “ámbito temático xeral”, que é unha especie de caixón de xastre, atopamos 18 categorías:

Ámbito Temático General: (cat.)

---

---

---

animales (menos los de pastoreo)  
 animales de pastoreo, ganado, labores pecuarias  
 augurio  
 consejos de abrigo  
 dialogismos sobre "los días prestados" por un mes al precedente  
 elementos de la vida cotidiana  
 estrellas  
 facecias, bromas, perogrulladas  
 faenas agrícolas  
 luna  
 mar  
 mundo vegetal (indicios y aspectos varios)  
 otros dialogismos  
 personificación y afines  
 prefiguración del tiempo (cronológico, meteorológico)  
 puntos cardinales  
 territorio  
 topónimos [en cursiva]

Unha vez máis, estas categorías divídense noutras subcategorías; por exemplo, “elementos da vida cotiá” agrupa 52 subcategorías (“barril ou similares”, “leña”, “tipo léxico capa ou similares” etc.). A forma corsa *Acqua d'aostu: òliu e mostu*, ‘Auga de agosto: aceite e mosto’, presenta 4 asignacións deste grupo:

### Ámbito Temático General :

Subcategoría	Categoría
aceite, aceituna, olivo <i>oil, olive, olive tree</i>	mundo vegetal (indicios y aspectos varios) <i>plant kingdom (signs and variable aspects)</i>
buen augurio <i>good omen</i>	augurio <i>omen</i>
cosecha <i>harvest</i>	faenas agrícolas <i>farmwork</i>
viña, vendimia y vino <i>vineyard, grape-harvesting and wine</i>	faenas agrícolas <i>farmwork</i>

O último grande apartado da ficha de cada refrán é “fontes”, tamén de carácter obrigatorio, polo que tódalas paremias deben levar, polo menos, unha asignación bibliográfica.

En galego recolleamos paremias de distintos refraneiros, nos que as paremias meteorolóxicas son unha pequena proporción. Do *Refraneiro Galego Básico* de Ferro Ruibal (1987) tomamos 261 formas; do *Refraneiro Galego* de Gippini Escoda (1991), 96; da obra *Refráns e ditos populares galegos* de Zamora Mosquera (1972), 93 etc. A paremia *A lúa que quixo entrar xeando, medrou mollando* atopouse no número 5 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, obra da que tamén se tomaron outras 197 formas:

### Fuentes:

Autor	Título	Editorial	Lugar Edición	Fecha	Página	Núm. refrán	Volumen
VÁZQUEZ SACO, Francisco	Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral [núm. 5 de <i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> ]	Xunta de Galicia / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Santiago de Compostela	2003	153	3590	5

Cando a paremia se recolle dun atlas lingüístico, ademais das referencias anteriores, tamén se fai constar o número do mapa no que se atopa o refrán en cuestión. Así, a paremia *Ano de xeadas, ano de fornadas*, tomada xunto con outras 71 formas do *Atlas Lingüístico Galego*, fíchase da seguinte maneira:

### Fuentes:

Autor	Título	Editorial	Lugar Edición	Fecha	Página	Volumen	Mapa
GARCÍA, Constantino / SANTAMARINA, Antón (directores)	Atlas lingüístico galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico	Fundación Pedro Barrié de la Maza	A Coruña	2003	519	IV	99a

É de resaltar que nas formas tomadas dun Atlas Lingüístico anótase o punto de enquisa pertencente ao lugar no que a fonte afirma ter recollido unha paremia. O refrán aragonés *Sol royo, viento u ploro*, documentado no *Atlas lingüístico y etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja (ALEANR)* (1979-1980), preséntase como segue:

<p><b>Texto:</b> Sol royo, viento u ploro</p> <p>Lengua: aragonés</p> <p>Traducción literal:</p> <p>Glosa de la fuente:</p> <p>Comentarios adicionales: "Lloro" se referirá a la conocida metáfora del llover. ALEANR (mapa 1315: Significación atribuída a los arboles de la salida o puesta de sol), punto de encuesta Hu 600 (Santa Lecina).</p>
---

## 3. O arco da vella en BADARE

Un dos fins de BADARE é que a persoa que se achegue a esta base de datos teña elementos suficientes para afrontar o estudo dun tema referente á paremioloxía meteorolóxica na zona da Romania. Nós decantámonos por analizar como os distintos refraneiros abordan un dos prodixios meteorolóxicos máis sorprendente: o arco da vella, fenómeno óptico no que a luz en contacto con gotas de auga suspendidas na atmosfera acaba descompoñéndose, como consecuencia da refracción, nas súas cores básicas.

### 3.1 Denominacións

Na tradición popular, o arco da vella é o centro de cancións, de lendas e, como non, de refráns. En BADARE hai anotadas 127 paremias que falan deste fenómeno e só unha delas, catalana, fai referencia ao arco da vella sen nomealo:



*Si surt al migdia,*

*Pluja tot el dia.*

(Catalán = ‘Se sae ao mediodía, chuvia todo o día’).

Nesta base de datos pódense comprobar os diferentes nomes cos que se denomina o fenómeno nos distintos puntos da Romanía. Así, en galego, a forma que se documenta é *arco da vella*, estrutura irmá da portuguesa *arco da velha*<sup>2</sup>:

*Arco da vella,*

*Arco da velha na serra,*

*Auga na terra.*

*Chuva na terra.*

En Galicia, como nos amosa Besteiro (1987:498-499), a denominación *arco da vella* presenta numerosas variantes: *barco da(s) vella(s)*, *marco da(s) vella(s)*, *circo da vella* e *cinta da vella*, formas todas elas nas que a palabra *vella*, segundo a *Gran Enciclopedia Galega* (2003: s.v. *arco da vella*), “é aquí a *Vetula* da antigüidade, unha divindade mítica que, con frecuencia, encarna nas forzas da natureza”. Para Rohlfs (1979: 90) o emprego de “vella” no lugar da divindade clásica xustifícase por que:

*Es de suponer que el cristianismo ha extirpado la antigua concepción o bien la ha cristianizado, como puede reconocerse en el italiano (Umbria, Abruzzos) arcovergine ‘arco de la virgen’, francés (Picardía, Normandía) arc de Saint Jean, cat. arc de San Martí.*

O castelán denomina o arco da vella como *arco iris*, construción que tamén vemos na portuguesa *arco-íris*, na aragonesa *arcoiris* e na asturiana *arcu iris*, onde aparece a deusa Iris “la de los pies ligeros, que se encargaba del tráfico entre el cielo y la tierra. Su vestido resplandeciente señalaba el camino que seguía, al atravesar volando el cielo” (Rohlfs 1979:89):

*Arco iris, o pronto llueve,*

*Arcu iris con güen tiempu,*

*O aclarará en breve*

*Siñal segura de ventu*

(Castelán).

(Asturiano).

En galego tamén se emprega na fala a forma *arco iris*, que mesmo chega a ser máis utilizada que *arco da vella*, expresión que se garda nas paremias, estruturas lingüísticas creadas hai séculos nas que os nosos antergos incluíron as súas crenzas, os seus temores etc. Sinala a este propósito Besteiro (1987:501) que:

*[Aqueles] formas que traslucen a alma dun pobo corren o risco de desaparecer, presionadas pola forma “oficial” arco iris que, paseniñamente, vai imponéndose en moitas zonas. Este avance da forma “oficial” sobre as marxinais habería que relacionalo coa desaparición das crenzas populares que latexaban baixo algunhas delas. Tamén as escolas, onde se aprenden os*

---

<sup>2</sup> Rohlfs (1979:89) sinala que o termo “vella” tamén se pode atopar no asturiano (*arco da veyá*), no normando (*marque de la vieille*) etc.

*fenómenos atmosféricos, tiveron que desempeñar un papel importante na normalización desta designación.*

Outras denominacións compostas que atopamos en BADARE para nomear o arco da vella son a forma francesa *arc-en-ciel*, a italiana *arcobaleno* e a occitana *arc-de-sedo*:

*L'arcobaleno la mattina*

*Bagna il becco alla gallina.*

(Italiano = ‘Arco da vella pola mañá móllalle o pico á galiña’).

*Arc-en-ciel du soir*

*Tu verras pleuvoir.*

(Francés = ‘Arco da vella pola noite, verás chover’).

Coa denominación reducida de *arco* atopamos paremias no castelán, no corso, no italiano, no véneto e no portugués:

*Sol que arco traz*

*E logo o desfaz,*

*Onde quer que vás*

*Não te molharás.*

(Portugués = ‘Sol que arco trae e logo o desfai, onde queira que vaias non te mollarás’).

*Arco di mane*

*Acqua a fontane,*

*Arco di sera*

*Scalda costiera.*

(Corso = ‘Arco da vella de mañá, auga a xerros; arco da vella á tarde, seca na costa’),

e coa de *arcu*, no asturiano, corso e sardo, *arc*, *arcano*, *arquet* e *arcoulan*, no occitano, *arcolan*, no occitano aranés, *aclo* e *aclou*, occitano de Rouergue<sup>3</sup> e *uàrche*, no pullés (variedade da rexión italiana da Pulla):

*Arcolan deth maitin*

*Ploja sense fin.*

(Occitano aranés = ‘Arco da vella pola mañá, chuvia sen fin’).

---

<sup>3</sup> Rouergue foi unha antiga provincia occitana que na actualidade se atopa maioritariamente encadrada no departamento de Aveyron e unha pequena parte no de Tarn-et-Garonne (Francia).

*U uàrche:*

*O viinde o iàcque.*

(Pullés = ‘O arco da vella, ou vento ou auga’).

Segundo o que vimos de dicir, pódese afirmar que sobre a forma ‘arco’ atópanse numerosas paremias na Romanía. Alinei (1984:368) asegura que:

*La motivazione dell'arco' occupa la maggior parte della carta europea. Abbiamo infatti arcus in area romanza, \*bogam in area germanica, continentale e insulare, \*dogo in area slava [...], toxon in area greca, kaari in area finlandese, estone, livone, carela ecc. vemmél in area carela, daw'ge e juoska in area lappone.*

Como formas simples tamén podemos atopar *bèl*, forma occitana, variante de *bèu* (“le beau, ce qui est beau”), como afirma Mistral (1878-1886/1979:s.v. *bèu*), quen a sitúa no Rouergue e *ricliano*, variante de *arcano*, palabra que o anterior autor (*ibid.*:s. v. *arcano*) asegura que pertence á rexión occitana do Limousin:

*Lou bèl de mati*

*Plèjo al vesperti;*

*Lou bèl de la serado*

*Met lou bouiè à l'arado.*

(Occitano do Rouergue = ‘O arco da vella de mañá, chuvia ao atardecer; o arco da vella pola tarde, mete o labrego ao arado’).

*La ricliano de l'en-sei*

*Meno l'aigo jasei;*

*La ricliano de l'en-mati*

*Meno l'aigo à ple chami.*

(Occitano do Limousin = ‘Arco da vella pola tarde leva a auga a durmir; o arco da vella pola mañá leva a auga ao medio do camiño’).

Aparecen tamén documentadas en *BADARE* formas compostas co termo ‘arco’ seguido dunha referencia a unha etnia (*arco del judío*, no castelán) ou a Deus (*arco del Señor*, no castelán e no asturiano):

*Cuando llueve y hace frío,*

*Sale el arco del judío;*

*Cuando llueve y hace sol,*

*Sale el arco del Senyor*<sup>4</sup>

(Castelán),

ou seguido dunha personificación, xeralmente o nome dun santo (*arco de San Juan*, no aragonés, castelán e catalán<sup>5</sup>; *arc de Sant Martí*, no catalán; *arc de (la) Saint Martin*, no francés; *arc-de-Sant-Marti*, no occitano e *arc di San Marc*, no friulano):

*Arco de San Juan a la tardada,*

*Agua a la matinada.*

(Castelán)

*Arc di San Marc*

*O bontimp o ploe fuart.*

(Friulano = ‘Arco de San Marcos, ou bo tempo ou chuvia forte’),

se ben ás veces o nome haxiográfico pode ir precedido dunha palabra diferente a ‘arco’, como é o caso do catalán *ratlla de Sant Martí*:

*Ratlla de Sant Martí al matí,*

*L'aigua és aquí;*

*Ratlla de Sant Martí a la vesprada,*

*L'aigua és pasada.*

(Catalán = ‘Raia de San Martiño pola mañá, a auga está aquí; raia de San Martiño ao atardecer, a auga xa pasou’).

### 3.2 Temática

En canto á temática das paremias que falan do arco da vella, diremos que 26 formas amosan características xerais da súa aparición, xeralmente informándonos do tempo que aparecerá despois da súa presenza:

*Arquet al camp,*

*Lou tèms d'iuvei fara deman.*

(Occitano = ‘Arco da vella no campo, o tempo de hoxe farao mañá’),

aínda que tamén se atopa unha forma que nos describe a maneira de producirse este fenómeno:

---

<sup>4</sup> Dise nos “comentarios adicionais” que se fan a este refrán que “la grafía *Senyor* es errata evidente por *Señor*”.

<sup>5</sup> Só hai unha paremia coa forma “arco de San Juan” (*arco de San Juan pel matí, / aigua de tarda pel camí*) e explícase que este refrán se documenta no lugar de Santa Liestra (Huesca), zona de predominio do aragonés (neste caso, do castelán-aragonés) sobre o catalán.

*Cuando chueve ya fay sol,*

*Sal el arco del Señor.*

(Asturiano = ‘Cando chove e vai sol, sae o arco do Señor’).

Os refraneiros teñen moi en conta o momento do día no que se deixa ver o arco da vella, xa que se considera de vital importancia para coñecer o tempo vindeiro. A súa presenza pola mañá é sinal de mal tempo e en *BADARE* documéntanse 29 formas que recollen este feito:

*L’arc-en-ciel du matin*

*Fait mouvoir le moulin.*

(Francés = ‘Arco da vella pola mañá fai mover o muíño’),

debendo terse en conta que 5 delas restrinxen aínda máis o momento da súa visualización ao indicarnos que ben pode aparecer pola mañanciña (2 paremias) ou ao mediodía (3 paremias):

*Arco da vella á mañanciña*

*Arco iris al mediodía,*

*Prepara a capotiña.*

*Llueve todo el día*

(Castelán).

En *BADARE* contabilízanse 17 refráns que recollen a aparición do arco da vella pola tarde e, como no caso anterior da mañá, tamén podemos atoparnos con paremias que concretan aínda máis o momento da súa visión, con formas que falan do anoitecer (2 refráns) ou da noite (1 refrán):

*Arco da vella ó anoitecer,*

*Bo tempo ó amencer.*

*Arc-en-ciel vers la nuit,*

*Pluie et vent pour minuit.*

(Francés = ‘Arco da vella cara a noite, chuvia e vento na media noite’).

Estas 20 formas recollidas na base de datos sobre a observación deste fenómeno na parte final do día fannos dubidar entre se habrá bo tempo (9 paremias) ou se este será cativo (9 paremias), dándose o caso de que no mesmo refraneiro se poden atopar solucións diferentes para o mesma situación, contradicións que, por outra banda, aparecen con certa frecuencia no refraneiro:

*Arc-en-ciel du soir*

*Tu verras pleuvoir.*

(Francés = ‘Arco da vella pola noite, verás chover’)

*Arc-en-ciel du soir*

*Ne fait pas pleuvoir.*

(Francés = ‘Arco da vella pola noite non fai chover’).

Estamos de acordo con Gargallo Gil (2006:311) en que o arco da vella vémolos na posición contraria á que se encontra o sol:

*El Sol y el arco se intercambian de latitud: al principio del día levanta el Sol y el arco está a Poniente; hacia la tarde, el Sol descende hacia la puesta y el arco se ve al Este.*

O que é unha realidade é que o arco matutino no ceo é sinal de que vai chover, posto que nos informa da aproximación dunha masa húmida, como nos asegura Toharia Cortés (1985:99):

*Por la mañana, el Sol está al Este, y el arco iris aparece al Oeste, por donde vienen las nubes y las lluvias. Lo cual suele significar que en su habitual trayectoria de Oeste a Este, dichas nubes y lluvias no tardarán en llegar a nosotros, y con ellas la perturbación que las acompaña.*

Non obstante, a presenza do arco da vella pola tarde, ao raíante, é proba de que haberá bo tempo, xa que a fronte húmida xa nos abandonou. Di a este respecto Toharia Cortés (1985:98):

*Suele decirse que «cuando aparece el arco iris por la tarde es señal de buen tiempo posterior». Cosa lógica, que nada tiene que ver, dicho sea de paso, con el arco iris, sino con el hecho de alejarse la posible perturbación hacia el Este (por la tarde, el Sol está por el Oeste y de allí viene el arco iris). En nuestras latitudes, en las que las lluvias se desplazan habitualmente de Oeste a Este, este alejamiento de perturbaciones indica, claro, una posterior mejoría del tiempo.*

Un grupo numeroso de 34 paremias fan unha contraposición entre a presenza do arco da vella pola mañá ou pola tarde, inclinándose polo mal tempo se aparece pola mañá e por un tempo mellor, pola tarde:

*Arc-de-sedo de vèspre*

*Rejouis soun mèstre;*

*Arc-de-sedo de matin*

*Afligis soun vesin.*

(Occitano = ‘Arco da vella pola tarde alegra o seu amo; arco da vella pola mañá, aflixe o seu veciño’).

Esta correlación *mañá/tarde* leva maioritariamente solucións meteorolóxicas opostas, pero hai tres casos (dous casteláns e un aragonés) nos que, tanto se o arco da vella se presenta pola mañá como se o fai pola tarde, o tempo será malo:

*Arco por la mañana, señal de agua;*

*Arco pola tarde, señal de aire.*

(Castelán).

*Arco de San Juan por mañana,*

*Agua a la tardada*

*Arco de San Juan a la tardada,*

*Agua a la maitinada.*

(Aragonés).

Hai unha quenda de 17 paremias en BADARE que recollen a localización na que atopamos o arco da vella cando levantamos a vista ao ceo. Xeralmente, este tipo de formas son moi locais, xa que son empregadas por falantes que no momento de citalas deben ocupar unha posición xeográfica concreta. Este tipo de refráns podemos clasificalos en:

- Formas que sitúan o arco da vella en relación cun accidente xeográfico: mar, montaña, río etc. Hai 5 paremias:

*Arco in mare*

*Buon tempo ha da fare;*

*Arco in tera*

*Piova e nevera.*

(Véneto = ‘Arco no mar, bo tempo ha de facer; arco na terra, chuvia e neve’).

*Arco-íris contra a serra,*

*Chuva na terra;*

*Arco-íris contra o mar,*

*Tira os bois e põe-te a lavrar.*

(Portugués = ‘Arco da vella contra a serra, chuvia na terra; arco da vella contra o mar, saca os bois e ponte labrar’).

- Formas que nos describen a posición do arco da vella no ceo con relación á saída ou á posta do sol. Son un total de 13 paremias, 7 das cales o sitúan no leste:

*Arco da vella ó raiante*

*¡Ei, boi! ¡ei, para adiante!,*

e 6, no oeste:

*Arco iris por poniente,*

*Recoge los bueyes y vente*

(Castelán).

#### 4. Conclusións

BADARE créase como un instrumento de traballo para que poidan acceder a el todas aquelas persoas interesadas na paremioloxía meteorolóxica da Romania. Os resultados que se presentan polo de agora reflicten que se poden atopar nesta base de datos unhas 8646 entradas, correspondentes a 34 linguas e variedades.

Este caudal paremiolóxico permite ver o tratamento dun tema referido á meteoroloxía nos diferentes territorios da Romania. Nós, como exemplo, analizamos as paremias que falan do arco da vella.

As 127 formas que tratan sobre o arco da vella en BADARE son tomadas de 15 falas diferentes: aragonés, asturiano, castelán, catalán, corso, francés, friulano, galego, italiano, occitano, occitano aranés, portugués, pullés, sardo e véneto. Despois da análise destas paremias, podemos concluir que:

1. O refraneiro galego mantén paremias coa denominación *arco da vella*, o que proba que nas sociedades anteriores o nome deste fenómeno aínda non estaba contaminado pola lingua castelá, como parece que sucede hoxe en día nalgúns núcleos urbanos.
2. O fenómeno óptico do arco da vella aparece recollido nos refraneiros dunha parte importante da Romania, presentando unha gran variedade de formas para denominalo.
3. A meirande parte destas paremias toman o arco da vella como punto de partida para facer prognósticos sobre o tempo que vai vir.
4. Maioritariamente, este conxunto de paremias relacionadas co arco da vella indicannos que a súa presenza implica mal tempo, a non ser que este fenómeno se produza pola tarde ou se o vemos polo nacente do sol.

#### 5. Referencias bibliográficas<sup>6</sup>

ALINEI, Mario et alii (1983): *Atlas Linguarum Europae (ALE)*. Vol. 1, Assen: Van Gorcum.

ALINEI, Mario (1984): *Diacronía, Sincronía e Cultura. Saggi linguistici in onore di Luigi Heilmann*. Edición de Enrico Arcaini, Sergio Cigada e Eddo Rigotti. Brescia: Editrice La Scuola, 365-384.

---

<sup>6</sup> Unha relación bibliográfica máis extensa pódese atopar no apartado “Resultados obtidos” que aparece na páxina web de BADARE (<http://stel.ub.edu/badare>).



- ALCOVER, Antoni M<sup>a</sup>; ALCOVER, Francesc de Borja (1930-1962): *Diccionari català-valencià-balear*. Palma de Mallorca: Moll, 2 vols.
- ALVAR, Manuel; LLORENTE, Antonio; BUESA, Tomás; ALVAR, Elena (1979-1980): *Atlas lingüístico y etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja (ALEANR)*. Zaragoza: Provincial de Zaragoza / Madrid: CSIC, 12 vols.
- AMADES, Joan (1933): *Calendari de refranys*. Barcelona: La Neotípiia.
- (1989): *Costumari Català*. Estella: Cercle de Lectors / Salvat, 16 vols.
- BESTEIRO, María Fe (1987): “Denominacións galegas do arco da vella”, en *Verba* 14, 497-501.
- CARRUSCA, María da Sousa (coord.) (1976): *Vozes da sabedoria*. Lisboa: Edição da Coordenadora, 3 vols.
- CASAL VILA, Benxamín (dir.) (2003): *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso / Pontevedra: El Diario de Pontevedra.
- CASTAÑÓN, Luciano (1962): *Refranero Asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo / Instituto de Estudios Asturianos (C.S.I.C.).
- CENTRE DE NORMALISACION LINGÜÍSTICA DERA VAL D’ARAN [CNLVA] (1992): *Arrepèrveris*. Lleida: Pagès Editors.
- CHASSANY, Jean-Philippe (1989): *Dictionnaire de Météorologie Populaire*. Paris: Maisonneuve et Larose.
- CORREAS MARTÍNEZ, Miguel; GARGALLO GIL, José Enrique (2003): *Calendario romance de refranes*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. IV, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2006): “*Quan surt la ratlla de Sant Martí... Refranes romances del arco iris, meteorología y cultura popular*”, en *Quaderni di Semantica XXVII*, 53-54, 301-319.
- GARGALLO, José Enrique; PRADILLA, Miquel Àngel (1997): *El joc ancestral de la paraula. Llengua, cultura popular i refranyer a Rossell (Baix Maestrat)*. Benicarló: Edicions Alambor.
- GARGALLO GIL, José Enrique; TORRES TORRES, Antonio; FRANCO ANCHELERGUES, Vicente (2008): “Líneas metodológicas de BADARE (Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romanía)”, en *Actas del XXXVII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Edición de Inés Olza Moreno; Manuel Casado Velarde; Ramón González Ruiz. Pamplona: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra, 207-215.
- GIPPINI ESCODA, E. (1991): *Refraneiro Galego*. A Coruña: Edicións do Castro.
- GOMIS I MESTRE, Cels (1891-1998): *Meteorología i agricultura populars. Recull d’aforismes, modismos, creences i supersticions referents a la meteorología i a l’agricultura a l’entorn dels anys 1864 a 1915*. Segunda edición notablemente aumentada cun gran número de confrontacións a cargo de Cels Gomis i Serdañons. Barcelona: Alta Fulla.
- GOMIS I SERDAÑONS, Cels (1998): véxase GOMIS I MESTRE.

- LAPUCCI, Carlo (1995<sup>3</sup>): *Cielo a pecorelle. I segni del tempo nella meteorología popolare*. Cernusco: Garzanti Editore.
- MISTRAL, Frederic (1878-1886/1979): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français*. Edición do centenario baixo a dirección de V. Tuby. Genève: Slaktine / Paris: Édition de l'Unicorne, 2 vols.
- MOREIRA, António (2003): *Provérbios portugueses*. Lisboa: Notícias.
- NAZZI, Gianni (1999): *Dizionario dai provierbs*. Udine: Ribis.
- OLTEANU, Antoaneta (2001): *Calendarele poporului român*. București: Editura Paideia.
- OSTERMANN, Valentino (1995): *Proverbi friulani raccolti dalla viva voce del popolo*. Vago di Lavagno (Verona): Del Bianco Editore.
- RIO CORBACHO, Mª Pilar (2007): “Refranes meteorológicos y del calendario en *Refranes o proverbios en romance de Hernán Núñez (1555)*”, en *Seminario Internacional: Colección Paremiológica Madrid 1922-2007*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 113-127.  
(no prelo): “Refranes del calendario: la paremia geotemática”.
- ROHLFS, Gerhard (1979): “El problema de la Vetula”, en *Estudios sobre el léxico románico. Reelaboración parcial y notas de Manuel Alvar*. Madrid: Gredos, 79-103.
- SAMPIERI, Martinu (1996): *Parlà di u Sartinesu*. Edición do propio autor, non consta lugar de edición.
- SCHWMENTHAL, Ricardo; STRANIERO Michele L. (1993): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.
- TOHARIA CORTÉS, Manuel (1985): *Meteorología popular*. Madrid: El Observatorio Ediciones.
- TOMÁS ARIAS, Chabier (1999): *El aragonés del Biello Sobrarbe*. Huesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega 5*, número monográfico.
- ZAMORA MOSQUERA, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.

**Referencias electrónicas:**

<http://stel.ub.edu/badare/> [Data de consulta: 01/03/2009]